

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023314	IES de Sabón	Arteixo	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	3
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	4
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	4
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	4
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	5
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	5
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	5
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	5
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	5
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	6
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	6
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	6
o) Outros apartados	6

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Asúmense os obxectivos xerais que para o Bacharelato establece o seu currículo:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa. b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia. c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá. f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación. h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social. i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente. k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades fisicodeportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social. n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable. o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable. p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

A contribución do centro educativo á adquisición das competencias no bacharelato queda determinada no PEC. Neste sentido resulta fundamental o emprego das metodoloxías máis axeitadas en función dos contidos e de cada unha das competencias clave a adquirir.

Igualmente o centro participa con carácter anual en diferentes programas e proxectos educativos que xeneran inercias de traballo co alumnado para conseguir os fins de ditas competencias.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Os criterios están baseados na formación integral das persoas (alumnado), para este fin poderemos destacar os tres saberes; saber ser, saber estar e saber facer.

As orientacións que se incorporarán nas distintas áreas ou materias serán educación moral e cívica, educación para a paz, educación ambiental, educación sexual, educación para a saúde, educación para a igualdade de oportunidades entre sexos e xénero, educación para o consumidor e educación vial.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No punto 12.2 do PEC do centro, encontramos os criterios sobre a metodoloxía.

Cada departamento didáctico establecerá na súa programación as características metodolóxicas propias de cada materia ou módulo, indicando as especificidades de cada nivel se o houber.

Igualmente corresponde a cada departamento organizar as medidas de atención á diversidade para o alumnado concreto destinatarios que así o requira.

Nas programacións teranse en conta os seguintes CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL:

1. A utilización dunha metodoloxía actual e adecuada ás características propias de cada materia.
2. A utilización de métodos absolutamente respectuosos coas características individuais de cada alumno/a, dado que a metodoloxía é en si mesma a mellor fonte de transmisión de valores.
3. A formación nos métodos de traballo máis eficaces propios de cada disciplina por medio da utilización deses métodos nas clases, coa finalidade de dotar ó alumno de instrumentos para a propia autoformación nun futuro inmediato.
4. A maior utilización posible das TIC en cada materia.
5. A toma de conciencia de que a metodoloxía e o mellor instrumento para educación en valores; de que é, inevitablemente, a mellor maneira de transmitir os valores do docente aínda de forma non consciente por parte deste. Este feito obríganos aos docentes a elixir unha opción explícita da metodoloxía a empregar nas clases e en todas as relacións persoais co alumnado.

O profesorado, tanto definitivo coma interino ou sustituto, dispón dun ordenador portátil para o seu traballo docente. Igualmente dispón da Aula Virtual do centro, coa plataforma educativa Moodle, para elaborar os cursos que necesite en función das materias a impartir. A rede wifi do centro está configurada para que todo o alumnado e profesorado poida dispoñer de conexión a internet en calquera dos espazos de traballo no centro. Estes recursos permiten que as metodoloxías a empregar na docencia estén moi vinculadas ao emprego das tecnoloxías.

Cada alumno/a está dado de alta na aula virtual e pode acceder os contidos de cada materia. Todo o profesorado imparte clase nas aulas, procurando introducir actividades prácticas nas materias que sexan pertinentes.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Dada a diversidade dos contidos a traballar nas distintas materias, será decisión final de cada un dos Departamentos didácticos decidir sobre a idoneidade de distintos materiais e recursos. A custodia dos materiais específicos dos Departamentos será responsabilidade destes.

Aínda así, coma materiais e recursos didácticos xerais poderíamos destacar os seguintes:

- Aula Virtual: para todos os grupos e para cada unha das materias ou módulos.
 - Ordenador portátil: cada alumno/a dispón dun equipo para o seu uso na aula.
 - Bibliografía específica: están a disposición do alumnado da FP Básica distintas publicacións dos módulos comúns.
- No Título IV das NOFC do centro quedan definidas outras cuestións vinculadas aos materiais e recursos do centro.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No punto 11 do PEC do centro móstrase a oferta de itinerarios e optativas inicialmente previstas no centro, así coma información adicional sobre as mesma.

Sobre a oferta educativa do centro, vinculada ao Bacharelato, habitualmente o centro oferta dúas modalidades do Bacharelato.

Sobre os itinerarios, cada ano trátase na CCP a configuración de materias para definir os distintos itinerarios previstos en cada unha das modalidades. Os distintos Departamentos terán a posibilidade de propoñer distintas materias dentro da optatividade. Ditos itinerarios deberán ser acordados na Comisión de Coordinación Pedagóxica, previamente á matrícula do alumnado.

A optatividade se respetará sempre que exista un mínimo de matrícula nas distintas materias. Ditos mínimos de matrícula veñen determinados na normativa correspondente.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

No artigo 5º das NOFC de centro quedan determinados os criterios para o deseño das actividades complementarias. Cada un dos Departamentos terá autonomía para decidir sobre as actividades complementarias que solicita cada ano. Ditas actividades serán incluídas na PXA e mesmo levadas a aprobación do Consello Escolar ao inicio de curso. Como requisitos xerais destas actividades quedan marcados os seguintes:

- Aprobación do Consello Escolar
- Autorización escrita dos responsables para alumnado menor de idade.
- Alumnado acompañado polo profesorado, na proporción dun/dunha docente por cada vinte alumnos/as.

No citado artigo quedan determinadas tamén as condicións para a realización de actividades, viaxes de estudos e culturais.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O docente que lle imparta a materia neste curso, encargaráse de facer un seguimento do alumnado con materias pendentes. Dito seguimento comezará por unha sesión para explicar ao alumnado o procedemento para recuperar a materia e posteriormente poderá consistir en traballos para entregar ou enclases para solucionar dúbidas. O obxectivo é que o alumno/a se anime a traballar e vexa os resultados do seu esforzo. No caso de que a materia sen superar sexa unha optativa que xa non teñan no curso actual, farase o mesmo que no caso anterior, pero o encargado/a de facelo será o xefe/a do departamento correspondente.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A casuística do alumnado que repite curso pode ser moi variada. En todos estes casos os plans de reforzo a elaborar se centrarán nestes aspectos; reforzar a súa autoestima, inculcarlle a importancia do esforzo e axudarlle a poñerse á altura dos seus compañeiros/as para que consiga superar o presente curso. Isto se fará con reforzos, adaptacións... ou mesmo dirixindo os seus esforzos á integración plena no seu grupo e mesmo a visión positiva do seu progreso cos contidos das distintas materias.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Sempre se respetará o previsto no Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como criterio xeral titulan no Bacharelato aqueles alumnos/as que teñan todas as materias de 1º e 2º curso superadas.

De xeito moi excepcional o equipo docente poderá valorar a posibilidade de titular sen todas as materias superadas, sempre tendo en conta o recollido no punto 3 do artigo 24, do Decreto 157/2022.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Segundo indicado no artigo 23 do Decreto 157/2022.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

No artigo 25 das NOFC do centro quedan determinados os criterios para obtención das matrículas de honra.

O criterio a empregar polo centro será a "maior cualificación" no expediente académico do alumnado candidato a dita matrícula de honra.

Ademais seguiranse os criterios de asignación determinados pola normativa correspondente.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

As programacións didácticas se elaborarán segundo indicado no artigo 17 do Decreto 157/2022. No punto 2 do citado artigo quedan determinados os elementos mínimos que cada programación didáctica debe conter.

As programacións didácticas serán elaboradas na aplicación PROENS polo docente correspondente de cada materia. Posteriormente a Xefatura do Departamento correspondente realizará a supervisión das mesmas para que poidan ser supervisadas a súa vez polo equipo directivo do centro que as deixará pendentes de validación pola Inspección. Cada programación didáctica será elaborada con detalle, tanto no programa de contidos a traballar en cada nivel coma no resto de apartados.

O profesorado fará un seguimento periódico do que leva impartido en cada unha das materias.

A programación de cada materia estará accesible para a súa consulta na Aula Virtual do centro, concretamente en cada curso Moodle existente para cada unha das materias. Nelas consta (tal como se lle explica ao alumnado na aula) o peso de cada apartado na cualificación final.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Ao inicio do curso, dende a dirección do centro se realizará una contextualización dos distintos Plans, Programas e Proxectos nos que podería ser positiva a participación coma centro, de cara a favorecer as propostas para coordinar a participación neles.

Habitualmente o centro ven participando nestas convocatorias:

- Plan Proxecta
- Erasmus Plus
- Eduemprende-Simula
- Plambe
- Voluntariado bibliotecas escolar
- Titorización Máster de Profesorado Ensino Secundario
- Titorización Prácticas docentes Formación Profesional.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Cada ano, ao inicio do curso, se valorará a necesidade de modificación da concreción curricular do centro, en función do contexto puntual de cada curso.

Dita valoración se realizará por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que elevará a proposta de cambio ao Claustro, que será o órgano colexiado que finalmente aprobará a modificación.

o) Outros apartados

1. Outros apartados

Outros apartados